DERRUBANDO FRONTEIRAS

A revista malagueña *Litoral* empresta, de xeito monográfico, as páxinas do seu último número á poesía galega contemporánea nunha edición que ten en Luciano Rodríguez e Antonio Jiménez Millán ós artífices deste achegamento á nosa lírica. Na revista podemos efectuar un percorrido polos textos de autores que van de Xohana Torres a Eusebio Lorenzo Baleirón, mentres se reserva a primeira parte á revisión, obrigadamente breve, de figuras fulcrais na nosa tradición literaria como Rosalía, Cabanillas, Manuel Antonio, Celso Emilio, Pimentel, Novoneyra o Manuel María, entre outros, dos que se escolma un único texto presentado directamente na súa versión española.

É Antonio Jiménez Millán quen abre o turno dos artigos con "Finisterre, viejo mundo", onde fai un percorrido polo noso pasado histórico e literario dun xeito escueto e bastante clarificador, cremos, para o lector afastado da nosa realidade intrínseca. Desde a Idade Media o autor vai trazando os aspectos máis salientables nas distintas épocas históricas que nos tocou vivir e de como as circunstancias socio-políticas foron deixando a súa pegada na literatura. Ó mesmo tempo deixa constancia das opinións de críticos foráneos -Gerald Brenan, Menéndez Pelayo, Alberti ou Federico G. Lorca- tanto a respecto da nosa xeografía como da creación poética. Nas súas últimas palabras atopamos un perfecto resumo do que dá de si este número:

> Hemos querido ofrecer, desde las páginas de *Litoral*, una visión de conjunto de la cultura gallega orientada en tres direcciones: en primer lugar, textos de autores a los que podríamos considerar «clásicos contemporáneos» (siglos XIX-XX); despues una muestra de la poesía gallega actual que incluye a quince autores representativos de las distintas opciones estéticas. Por último, queremos destacar la conexión de la poesía con las artes plásticas y para ello contamos con las ilustraciones de valiosos artistas.

A reflexión sobre as interrelacións da nosa poesía coas peninsulares e foráneas, nomeadamente de expresión portuguesa e castelá, chega da man de Ramiro Fonte no artigo "Una poesía europea". Difícil tarefa a que se propón este autor: definir a nosa tradición literaria. As peculiaridades históricas que padecemos e o feito de nos ser prohibida a expresión na nosa lingua durante épocas (recordemos os séculos escuros e os longos anos de franquismo) fan desta tarefa un reto que Ramiro Fonte solventa do mesmo xeito en que os propios poetas resolveron o escurantismo:

obviando o poder das tiranías e das armas, opóndolles a forza da palabra e abríndose a novas tradicións líricas expresadas en linguas diversas. Só así vai a poesía galega acadando estátus de europea nun empeño que é sempre bidireccional pois, como di o autor:

> La necesidad de diálogo exterior de todo escritor o amante de la poesía en la Galicia de hoy, debe venir acompañada del interés de aquellos que escriben o leen poesía en las distintas lenguas peninsulares. El diálogo nunca tiene una dirección única. La más que interesante tradición de la poesía moderna en el contradictorio espacio peninsular se expresa en distintas lenguas. Nuestra tradición limita con Pessoa, con Carner o con Cernuda, del mismo modo que sería deseable que la de cualquier lector o verdadero amante de poesía peninsular de final del siglo XX, supiese que la suya puede limitar también con Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas o Álvaro Cunqueiro.

Pola súa parte, Luciano Rodríguez, pon a nota máis académica e na súa "Una introducción a la poesía de los 80" traza, máis unha vez, as rutas precisas para que un lector alleo se poida introducir doadamente na poesía dos anos oitenta. Autores como Ferrín ou Cunqueiro, grupos poéticos dos anos setenta (Rompente, Cravo Fondo, Alén), premios e revistas da época vanse integrando nun discurso útil e necesario para desterrar vellos tópicos -labor no que, por outra banda, está empeñado Luciano Rodríguez desde as súas antoloxías *Desde a palabra, doce voces* (1986) e *Los caminos de la voz* (1995) ás que remitimos- e reafirmar, dunha vez por todas, a verdadeira historia dunha época que comeza agora a ser, merecidamente, estudiada. O lector pode achegarse así dun xeito máis completo a este momento esplendoroso que o propio crítico sintetiza deste xeito:

> Hablamos al principio del momento importante por el que atravesó la poesía gallega en la década de los 80. Se han levantado voces diciendo que se trataba de un falso esplendor. Diré simplemente que la poesía joven se encuentra en una fase de sedimentación: los últimos libros publicados por los poetas aquí convocados hablan bastante claro.

Tras a lectura destas notas introductorias comezará o lector a disfrutar da selección dos textos e das súas magníficas traduccións ó español realizadas, entre outros, por autores como Marta Pía Lorenzo, Manuel Outeiriño e Eloisa Otero, Alfredo

Rodríguez López-Vázquez, Xosé Mª Dobarro, Olga Novo, Miro Villar, Xabier R. Baixeras ou Luciano Rodríguez e tamén das autotraduccións que fan dos seus poemas X. Mª Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Arcadio López-Casanova. O volume complétase polas notas pictóricas do máis granado da nosa arte: autores xoves como Berta Cáccamo, R. Baixeras, Xosé Freixanes codeándose con Maruja Mallo, Luís Seoane, Grandío, Laxeiro, Granell, Maside, Lugrís ou Colmeiro. Tal magma creativo conforma un producto altamente valioso tanto pola súa cuidada estética pictórica como pola grande valía poética.

E tras o percorrido polos poemas que nos conforman literariamente como galegos; despois de ter recordado a autores que, sen estar esquecidos, ficaran na caixa azul da memoria; relendo versos sempre amados só nos queda, con eses paxaros de Arturo Souto que ilustran o "Punto final" de José María Amado, volver ó comezo e disfrutar outra vez da nosa esencia poética e pictórica e desexar que tamén outros a disfruten pois como di este autor no citado texto:

> La cultura une, no separa.
>
> Absurdas prohibiciones llevaron a desvirtuar lo que dentro de la cultura ha representado Cataluña o Vasconia, hoy Galicia, raíces de un mismo árbol.

Antes de rematar debemos agradecer á revista *Litoral* a súa fermosa e inesquecible forma de derrubar as fronteiras para espallar a nosa palabra poética, a máis auténtica e libre.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 751, 24-11-1996, pp. 24-25.